



## outros indicadores de benestar social

4.

**AANÁLISE DO CAPÍTULO 4.-** Sector público e benestar social pode rematarse coa presentación dunha serie de indicadores que resultan de interese para coñece-la “saúde” dunha determinada sociedade. Estes indicadores analizados englobanse en tres grandes apartados: o consumo, a vivenda e a cultura.

### Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estuda, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible e o a gasto medio anual por persoa, a partires dos datos facilitados polo INE e polo Funcas. Pola outra, coméntanse os datos da protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo, e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

- *Renda familiar bruta dispoñible e gasto medio anual por persoa*

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. O **cadro C.5.14.** (*Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 2000-01*) reflicte que a RFBD por habitante medrou en Galicia no ano 2001 un 6,7% para situarse nos 11.739 euros.

Comparado co total estatal, a renda familiar bruta (poder de compra) por habitante en Galicia acada o 97,17% do valor medio de España (12.081,1 euro), o que supón unha medra de 0,8 puntos porcentuais en relación ó ano anterior.

O gasto medio anual por persoa en Galicia no ano 2001, segundo os datos do INE, foi de 6.120,71 euros, un 9,4% menos do gasto

CADRO 4.6.1.

**Gasto medio por persona nas CC.AA. de residencia 2000-01: gastos totais, en alimentación e resto de gastos**

	2000			2001			01/00		
	Alimentos, bebidas e tabaco		Resto	Alimentos, bebidas e tabaco		Resto	Alimentos, bebidas e tabaco		Resto
	Total	(Gasto medio por persona en €)		Total	(Gasto medio por persona en €)		Total	(Gasto medio por persona en €)	
<b>Andalucía</b>	5.368,47	1.166,84	4.201,63	6.088,54	1.269,01	4.819,52	13,4	8,8	14,7
Aragón	6.605,18	1.508,10	5.097,09	7.151,08	1.547,99	5.603,09	8,3	2,6	9,9
Asturias	6.063,08	1.253,71	4.809,38	6.977,21	1.388,06	5.579,15	15,1	11,5	16,0
Baleares	7.186,17	1.323,84	5.842,34	7.297,81	1.239,68	6.058,13	1,8	-6,4	3,7
Canarias	5.505,24	1.103,87	4.401,37	6.021,82	1.262,28	4.759,54	9,4	14,4	8,1
Cantabria	6.870,76	1.372,15	5.498,61	7.477,33	1.529,54	5.947,79	8,8	11,5	8,2
Castela e León	5.700,52	1.220,31	4.480,21	6.043,45	1.318,86	4.724,59	6,0	8,1	5,5
Castela - A Mancha	5.402,11	1.221,25	4.180,86	5.708,09	1.287,53	4.450,55	5,7	3,0	6,5
Cataluña	6.985,90	1.459,40	5.536,50	7.458,08	1.528,10	5.929,98	6,6	4,7	7,1
Comunidad Valenciana	5.962,06	1.279,07	4.682,99	6.426,74	1.219,01	5.147,73	7,8	0,0	9,9
Estrémadura	4.732,90	1.238,16	3.494,75	4.963,57	1.280,96	3.682,61	4,9	3,5	5,4
Galicia	5.913,12	1.358,81	4.554,31	6.120,71	1.451,81	4.668,90	3,5	6,8	2,5
Madrid	7.691,96	1.301,30	6.390,66	8.079,32	1.364,46	6.714,87	5,0	4,9	5,1
Murcia	5.494,35	1.352,73	4.111,62	6.195,18	1.588,34	4.606,84	13,4	17,4	12,0
Navarra	7.455,82	1.284,96	6.170,86	8.095,35	1.472,44	6.622,91	8,6	14,6	7,3
Pais Vasco	6.561,95	1.410,64	5.151,32	7.790,07	1.497,45	6.292,62	18,7	6,2	22,2
A Rioxa	6.427,21	1.375,37	5.051,84	7.133,60	1.492,29	5.641,31	11,0	8,5	11,7
Ceuta e Melilla	5.993,67	1.174,64	4.819,03	6.704,37	1.192,71	5.511,66	11,9	1,5	14,4
<b>Total</b>	6.231,86	1.297,26	4.934,60	6.757,13	1.376,23	5.380,90	8,4	6,1	9,0

Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos Familiares

## CADRO 4.6.2.

*Consultas, reclamacións e denuncias presentadas en materia de consumo 2000-01*

	2000	2001	01/00 (%)
<b>Consultas</b>			
productos alimenticios	15.820	16.437	3,9
productos industriais	1.643	1.777	8,2
sector servicios	3.872	4.045	4,5
	10.305	10.615	3,0
<b>Reclamacións / Denuncias</b>	<b>5.548</b>	<b>6.996</b>	<b>26,1</b>

Fonte: Instituto Galego de Consumo

## CADRO 4.6.3.

*Arbitraxe de consumo 2000-01: solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo*

	Solicitudes presentadas				Solicitudes resoltas			Cuantía media das reclamacións (en €)	Empresas adheridas á Xunta Arbitral de Consumo
	polas asociacións de consumidores	polos consumidores	por organismos públicos	total	por mediación	por laudo	total		
	2000	2001	01/00 (%)						
	51	1.029	176	1.256	141	680	821	356	3.628
	60	1.774	395	2.229	191	841	1.032	458	3.709
	17,6	72,4	124,4	77,5	35,5	23,7	25,7	28,5	2,2

Fonte: Instituto Galego de Consumo

medio por persoa para o conxunto do estado (6.753,13 euros). Tal e como amosa o **cadro 4.6.1.**, en termos absolutos, o gasto medio anual por persoa en Galicia é superior ó rexistrado en Andalucía, Canarias, Castela e León, Castela A Mancha e Estremadura. En termos de crecemento, Galicia experimenta un crecemento inferior á media española (3,5% e 8,4%, respectivamente), superando tan só o crecemento rexistrado en Baleares.

Deses 6.120,71 euros, Galicia dedica un 23,7% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, eido no que é superada tan só por Estremadura, cun 25,8%, e por Murcia, cun 25,6%. En España, esta porcentaxe ascende ó 20,4%. Comparado co ano anterior, o gasto medio nestes produtos medrou en Galicia un 6,8% respecto ó ano anterior fronte ó 6,1% do conxunto estatal.

#### • Protección ó consumidor

Os servicios do **Instituto Galego de Consumo** atenderon ó longo do ano 2001 un total de 16.437 consultas ou solicitudes de

información, tal e como reflicte o **cadro 4.6.2.**, das que a maior parte das mesmas, 10.615, pertencen ó sector servicios. Comparado co ano anterior, rexístranse un crecemento do 3,9% no número de consultas, sendo esta taxa de crecemento do 3,0% no caso do sector servicios. O maior número de consultas corresponde á provincia de Pontevedra, con 8.169 (o 49,6%), seguida de A Coruña, con 6.954 (42,3%). Ourense e Lugo rexistraron un total de 660 e 654 consultas.

En relación ós sectores que máis solicitudes de información tiveron, cómpre salienta-los relativos á vivenda (tanto a venda e alugueiro como a reparación da mesma), os servicios de telecomunicacións, tinturerías, reparación e venda de automóveis, seguros, combustibles, turismo (axencias de viaxe, restauración) e os téxtiles.

No concernente ó número de reclamacións atendidas, estas ascenderon a 6.996 fronte ás 5.548 do ano anterior, o que supón un incremento do 20,3%. Por provincias, A Coruña e Pontevedra son as que máis denun-

cias rexistradas, con 3.532 (50,5%) e 2.242 (32%), respectivamente.

Os servicios seguen sendo o sector con maior número de reclamacións, salientando o subsector das telecomunicacións, con 729 reclamacións. A venda de artigos téxtils e calzado, con 340, as tinturerías, con 248, e o gas, con 223 reclamacións, lle seguen en importancia.

Ó longo do ano 2000 aumentou a actividade dos **colexiós arbitrais** dependentes da Xunta de Galicia. Neste ano figuraban adheridas ó sistema arbitral de consumo en Galicia 3.709 empresas e profesionais, un 2,2% máis que no ano anterior.

Tal e como reflicte o **cadro 4.6.3.**, o número de solicitudes presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia no ano 2001 ascendeu a 2.229, o que significa un aumento do 77,5% respecto ó ano anterior. O 79,6% do total das solicitudes foron presentadas polos consumidores (medrou un 72,4% o número de solicitudes presentadas por eles mesmos), en tanto que os organismos públicos e as asociacións dos consumidores presentaron, respectivamente, o 17,7% e o 2,7%.

Das 1.032 solicitudes resoltas no ano 2001, a meirande parte das mesmas o fixeron por laudo, 841, dos que o 88,6% (745) foron adoptados por unanimidade, 62 por conciliación (7,4%) e 34 (4%) por maioría. En relación ós prazos dos laudos, os laudos dictados antes do transcurso dun mes, representaron o 14%; antes da finalización do segundo mes, o 82%, antes do terceiro o 2,6%, antes do cuarto o 1,1% e despois do cuarto mes, o 0,3%.

Os sectores más significativos en canto á incidencia das reclamacións, dentro dos que voluntariamente se adheriron ó sistema de arbitraxe, foron a telefonía, co 28,3% (631 reclamacións), as tinturerías, co 9,8% (219), e o subsector de hostalería e restauración, co 8,7% (194).

Finalmente, a contía media das reclamacións presentadas no ano 2001 foi de 458 euros, fronte ás 356 euros do ano anterior.

## Vivenda

Respecto a análise da vivenda, este apartado presenta, dunha banda, o número de vivendas financiadas en Galicia nos anos 2000 e 2001. Doutra banda, analízase o problema da accesibilidade á vivenda, tendo en conta a ratio custo laboral/hora efectiva e os prezos da vivenda, expresados en relación á media española (media española = 100), o esforzo bruto (porcentaxe do salario bruto) e os prezos de vivenda de tipo medio adquirible por unha familia e o prezo da vivenda tipo medio no mercado.

No ano 2001, o número de vivendas financiadas en Galicia, **cadro 4.6.4.**, ascendeu a 6.425, o que representa un crecemento do 12,6% sobre o ano anterior. Destas 6.425 vivendas financiadas, o maior número, con 3.331 vivendas, corresponde ás vivendas protexidas de nova construción (o 51,8% do total das vivendas financiadas no ano 2001), seguido pola rehabilitación de edificios e vivendas, con 2.014 vivendas financiadas.

O **cadro 4.6.5.** amosa que as comunidades autónomas que presentan maiores niveis salariais parecen reflectir á súa vez maiores prezos das vivendas, agás no caso de Asturias e Aragón. O índice custo laboral/hora efectiva en Galicia acada un valor de 86,2 e o índice de prezos da vivenda acada os 68,8 (media estatal iguala 100).

Comparado coas outras comunidades autónomas, o valor do índice de prezos da vivenda tan só supera ó rexistrado para as comunidades de Estremadura (48,6) Castela a Mancha (55,4) e Murcia (60,3). No caso da relación custo laboral e hora efectiva, o valor rexistrado en Galicia só supera ó de Cantabria (82,1), Estremadura (82,2), Murcia (82,9) e Castela a Mancha (83,3).

## CADRO 4.6.4.

**Vivendas finanziadas en Galicia 2000-01: distribución segundo modalidades de actuaciones protegidas**

	2000	2001
<b>Vivendas protegidas de nova construcción</b>		
Para venda		
Grupo A (1)	2.755	3.076
Grupo B (2)	869	882
Grupo C (3)	1.314	1.903
	572	291
Para aluguer		
A 10 anos	-	152
A 25 anos	9	103
<b>Cofinanciación de VPO de promoción pública</b>		
Para venda	-	-
Para aluguer	-	-
<b>Adquisición de outras vivendas existentes</b>		
Grupo A (1)	202	205
Grupo B (2)	226	75
<b>Rehabilitación</b>		
Áreas	440	800
Edificios (en nº de viv.) e vivendas		
Con só subvención	1.899	1.759
Resto	177	255
<b>Solo</b>		
Solo 1 (a medio plazo)		
Con só subvención	-	80
Resto	-	-
Solo 2 (formación de patrimonio público)		
Con só subvención	-	-
Resto	-	-
<b>Total vivendas</b>	<b>5.708</b>	<b>6.425</b>
<b>Total solo</b>	<b>-</b>	<b>80</b>
<b>Total vivendas+solo</b>	<b>5.708</b>	<b>6.505</b>

(1) prezo máximo, segundo art. 16.1, a)

(2) prezo máximo, segundo art. 16.1, c)

(3) VPO de régime especial

Fonte: Ministerio de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo

4.

## CADRO 4.6.5.

**Prezos da vivenda e salarios medios 2001**

	Custo laboral / hora efectiva	Prezos da vivenda
	(media estatal = 100)	
Andalucía	90,3	74,2
Aragón	102,1	84,5
Asturias	101,8	83,9
Baleares	86,4	130,7
Canarias	82,1	105,1
Cantabria	93,0	97,5
Castela e León	95,0	87,1
Castela - A Mancha	83,3	55,4
Cataluña	106,9	130,1
Comunidad Valenciana	90,8	72,0
Estremadura	82,2	48,6
Galicia	86,2	68,8
Madrid	116,5	154,4
Murcia	82,9	60,3
Navarra	112,2	109,2
Pais Vasco	121,7	158,8
A Ríoxa	93,1	89,1

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico ; INE, Índice de costes laborales

## CADRO 4.6.6.

Accesibilidade á vivenda 2000-01: distribución segundo CC.AA.

	Esforzo bruto		Vivenda adquirible		vivenda mercado	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
	(en % salario bruto)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Andalucía	31,7	35,2	73,3	85,9	66,1	76,9
Aragón	35,5	36,4	76,3	95,0	76,9	87,7
Asturias	32,6	33,9	86,5	101,6	79,3	87,1
Baleares	52,9	63	75,1	85,3	115,4	135,8
Canarias	48,7	53,7	69,1	80,5	96,2	109,4
Cantabria	42,8	42,9	71,5	93,2	87,7	101,6
Castela - A Mancha	26,7	28,7	69,1	79,3	52,3	57,7
Castela e León	40,9	39,3	70,9	90,8	81,7	90,8
Cataluña	52,5	54,2	78,1	98,6	117,2	135,2
Comunidade Valenciana	32,1	34,9	72,7	84,7	66,1	75,1
Estremadura	23,5	25,5	69,1	78,1	45,7	50,5
Galicia	33,5	34,4	70,3	82,9	66,1	71,5
Madrid	50,2	57,1	93,8	111,2	134,6	160,5
Murcia	29,8	33	63,1	75,1	53,5	62,5
Navarra	43,4	44,1	77,5	101,6	96,8	113,6
Páis Vasco	56,7	57,7	86,5	113,0	141,2	165,3
A Rioxa	39,6	41,7	69,7	87,7	79,3	92,6
Total	39,4	43,2	80,5	85,3	90,8	104,6

Fonte: BBVA, Situación Inmobiliaria, marzo 2002

4.

As diferencias rexionais que se amosan no **cadro 4.6.5.** tamén se reflicten no **cadro 4.6.6.** Se se mide a accesibilidade á vivenda en termos do esforzo bruto (porcentaxe do salario bruto), Galicia dedica no ano 2001 o 34,4% do salario á compra da vivenda (9 décimas máis que no ano anterior), sendo do 43,2% no conxunto do estado (3,8 puntos porcentuais máis que no ano 2000).

A diferencia do acontecido no conxunto do estado, o prezo dunha vivenda de tipo medio adquirible por unha familia é superior ó que custa unha vivenda tipo medio no mercado. En Galicia o prezo da vivenda adquirible foi de 82,9 miles de euros fronte ós 71,5 miles de euros no caso da vivenda no mercado (85,3 e 104,6 miles de euros no conxunto do estado).

### Cultura e ocio

O apartado dedicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, analiza a actividade editorial ó longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine).

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados polo INE, os presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Autores y Editores de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales (SGAE), a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) e o IGE.

O **cadro 4.6.7.** reflicte o presupuesto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presupuesto ascendeu a 207.890,4 miles de euros no ano 2001, un 8,7% máis que no exercicio anterior, cando se dedicaron un total de 191.318,4 miles de euros.

Como recolle o **cadro 4.6.7.**, os programas cun maior presupuesto son o de Radiodifusión e TVG, con 67.212,4 miles de euros –que tería como obxectivos aporta-los recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisións institucionais que darán cobertura de recepción a todo o territorio de Galicia–, o de Dirección e servicios xerais de cultura, con 27.823,3 miles de euros, e mailos programas de Xacobeo (25.314,3 miles de



## CADRO 4.6.7.

**Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 2000-01:  
distribución dos créditos por programas**

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)	(%)	
Dirección e Servicios Xerais de Cultura	11.418,0	27.823,3	143,7
Bibliotecas	2.937,1	3.165,5	7,8
Arquivos e Museos	2.062,7	3.254,5	57,8
Promoción, difusión e cooperación cultural	14.610,0	19.850,2	35,9
Audiovisual	9.512,2	6.117,7	
Teatro, música e danza	5.511,3	6.292,0	14,2
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	14.161,6	16.377,6	15,6
Exposicións e artes plásticas	500,0	530,1	6,0
Cobertura informativa e apoio a com. social	5.399,5	4.955,9	-8,2
Radiodifusión e TVG	75.955,9	67.212,4	-11,5
Ord. e xest. do turismo	2.900,5	2.961,4	2,1
Xacobeo	25.314,0	25.314,3	0,0
Fomento e potencia. do turismo	19.519,7	22.104,3	13,2
Elaboración e difusión estatística	30,1	42,1	40,0
Plan Galego de I+D Técnico	1.485,7	1.889,2	
<b>Total</b>	<b>191.318,4</b>	<b>207.890,4</b>	<b>8,7</b>

Fonte: Xunta, *Presupostos xerais da C.A.*

euros) e o de fomento e potenciación do turismo (22.104,3 miles de euros).

Comparado co ano anterior, hai que salientar, por unha banda, o descenso do importe do programa Radiodifusión e TVG (un 11,5% menos), o audiovisual (35,7%) e o da cobertura informativa e apoio á comunicación social (8,2%). Pola outra banda, o presupuesto do programa Dirección e servicios xerais de cultura medra un 143,7% respecto ó ano precedente.

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen cinco sociedades públicas –S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A. e Redes de Telecomunicación galegas, S.A. (RETEGAL) e a fundación pública Cidade da Cultura– cun presupuesto total no ano 2001 de 171.828,1 miles de euros (545,7 miles de euros o IGAEM e 171.282,4 miles de euros as sociedades públicas), fronte ós 149.808,3 miles de euros.

#### • A actividade editorial

Ó longo do ano 2001 a **producción editorial** en galego ascendeu a 1.231 títulos (o 2% dos títulos publicados no conxunto do

estado e o 60,8% dos libros e folletos producidos en Galicia), o que significa un crecemento do 2,8% respecto ó ano anterior, e o número de exemplares foi de 2.285 miles (o 1% do conxunto do estado), un 1,8% inferior ó rexistrado no ano 2000. A súa tirada media foi de 1.856 exemplares por título, fronte ós 1.944 exemplares do ano anterior.

Da producción editorial total en España, o **cadro 4.6.8.** reflicte que se editan en castelán o 79,2% dos títulos, un 10,7% en catalán, e un 1,4% en euskera. Comparado co ano anterior, fronte ó aumento de títulos publicados en galego, descenden o número de títulos en catalán, un 9,4%, e en euskera, un 19%. O número de títulos publicados en castelán medrou un 2% respecto ó ano 2000.

En relación ó número de exemplares, o **cadro 4.6.8.** reflicte un descenso dos mesmos tanto nos exemplares en castelán, como en galego, catalán e euskera. Non obstante, cómpre salientar que o descenso dos exemplares en galego é inferior ó rexistrado nos outros casos.

O **cadro 4.6.9.** amosa o número de títulos e exemplares traducidos ó longo dos anos 2000 e 2001. No último ano tradúcironse ó galego un total de 48 libros (13 máis que no

**CADRO 4.6.8.**

*Producción editorial 2000-01 títulos e nº de exemplares: distribución segundo o idioma da publicación*

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
		(%)		(miles)	(%)	
Castelán	48.507	49.500	2,0	196.006	184.132	-6,1
Catalán	7.359	6.669	-9,4	17.969	15.486	-13,8
Galego	1.197	1.231	2,8	2.327	2.285	-1,8
Euskera	1.092	885	-19,0	2.155	1.514	-29,7
Outros idiomas ou dialectos nacionais	65	89	36,9	74	74	0,0
Alemán	176	172	-2,3	499	421	-15,6
Francés	274	254	-7,3	1.005	919	-8,6
Inglés	1.016	1.118	10,0	3.413	2.915	-14,6
Outros idiomas estranxeiros	987	896	-9,2	6.325	6.943	9,8
En dous ou más idiomas	1.338	1.711	27,9	3.385	3.889	14,9
Total títulos publicados	62.011	62.525	0,8	233.158	218.578	-6,3

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

**CADRO 4.6.9.**

*Nº de títulos e exemplares traducidos 2000-01: distribución segundo idioma orixinal*

	Títulos			Exemplares		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
		(%)		(miles)	(%)	
Castelán	380	705	85,5	1.316	1.810	37,5
Catalán	111	121	9,0	304	284	-6,6
Galego	35	48	37,1	125	129	3,2
Euskera	27	23	-14,8	88	116	31,8
Outros idiomas ou dialectos nacionais	2	2	0,0	3	2	-33,3
Alemán	667	683	2,4	3.004	2.986	-0,6
Francés	1.037	1.104	6,5	4.314	5.158	19,6
Inglés	5.547	5.742	3,5	35.618	37.339	4,8
Outros idiomas estranxeiros	945	900	-4,8	5.119	5.246	2,5
En dous ou más idiomas	29	29	0,0	103	509	394,2
Total títulos publicados	8.780	9.357	6,6	49.994	53.579	7,2

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

2000), sendo o número de exemplares de 129 miles (125 miles no ano 2000).

Atendendo á produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 4.6.10.** reflicte que Galicia segue sendo, ó igual que no ano anterior, a séptima comunidade en canto ó número de títulos publicados, por detrás de Andalucía, castela e León, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid e o País Vasco. No caso do número de exemplares, sería a novena, por detrás das sete comunidades mencionadas e de Aragón e Navarra.

Respecto á **prensa escrita**, o **cadro 4.6.11.** amosa que en Galicia no ano 2001 *La Voz de Galicia* segue sendo o principal xornal

galego pola súa tirada (125.434 exemplares diarios) e difusión (108.201 exemplares), datos que o converten no décimo primeiro diario en importancia a nivel estatal. Séguelle en importancia o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 50.281 exemplares e unha difusión de 42.913 exemplares.

O grao de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 4.6.12.** No caso dos medios de comunicación escritos (diarios, suplementos e revistas) Galicia presenta un maior grao de penetración que no caso estatal no caso dos diarios, ó contrario do acontecido no caso das revistas e dos suplementos. Comparado cos datos do ano anterior, no ano 2000 constátase

CADRO 4.6.10.

*Producción editorial nas CC.AA. 2000-01: títulos e exemplares*

	Total		Libros		Folletos	
	2000	2001	Exemplares (1)	2000	Exemplares (1)	2000
Andalucía	3.645	4.399	4.968	4.747	3.344	4.233
Aragón	1.623	1.487	6.989	5.562	1.476	6.623
Asturias	672	819	705	971	624	708
Baleares	581	701	861	1.022	520	597
Canarias	680	640	722	739	603	549
Cantabria	396	375	608	584	370	326
Castela e León	2.622	2.687	5.347	5.729	2.289	2.319
Castela - A Mancha	676	761	1.888	1.438	602	651
Cataluña	21.129	18.983	102.522	95.438	18.638	16.632
C. Valenciana	3.508	4.323	4.620	4.684	3.298	3.644
Estremadura	346	411	340	375	323	373
Galicia	2.014	2.025	3.229	3.474	1.812	1.738
Madrid	19.231	20.284	88.097	80.008	17.653	16.602
Murcia	534	710	422	621	479	660
Navarra	1.729	1.432	6.564	7.818	1.652	1.278
País Vasco	2.484	2.338	5.085	5.214	2.253	2.008
Rioxa	115	134	174	140	101	121
Ceuta e Melilla	26	16	16	15	20	14
Total	62.011	62.525	233.157	218.579	55.988	53.485
					211.976	196.762
					6.023	9.040
						21.178
						21.819

(1)exemplares en miles  
Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

**CADRO 4.6.11.**

**Tirada e difusión da prensa escrita 2000-01 (1)**

	2000		2001	
	Tirada	Difusión	Tirada	Difusión
<b>ABC ed. Galicia</b>				
Atlántico Diario	5.825	4.332	5.250	4.146
El Correo Gallego	21.596	18.238	27.472	22.735
El Mundo del Siglo XXI (ed. Galicia)	12.608	8.691		
El Progreso	18.381	15.526	18.410	15.610
<b>Faro de Vigo</b>	51.053	42.639	50.281	42.913
ed. Ourense	1.516	1.074		1.322
ed. dominical	62.335	52.030		53.245
<b>La Voz de Galicia</b>	127.027	107.850	125.434	108.201
ed. A Coruña	92.663	79.848		79.349
ed. Lugo	11.280	9.090		9.025
ed. Ourense	6.656	5.274		6.035
ed. Pontevedra	18.990	15.576		15.869
ed. dominical	163.908	143.775		146.412
<b>Marca (ed. Galicia)</b>	36.072	25.845		

(1) soamente os diarios controlados pola OJD  
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

**CADRO 4.6.12.**

**Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2001**

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
<b>Andalucía</b>	26,2	18,2	46,9	50,3	90,1	9,5	18,2
<b>Aragón</b>	36,7	39,2	51,7	54,5	86,8	10,3	18,1
<b>Asturias</b>	50,6	42,8	60,0	57,0	88,9	12,4	22,7
<b>Baleares</b>	45,0	29,8	59,6	48,1	85,6	15,5	21,9
<b>Canarias</b>	34,5	19,3	56,0	49,8	84,1	12,6	19,1
<b>Cantabria</b>	49,5	53,1	59,6	63,0	92,0	9,0	19,1
<b>Castela e León</b>	41,9	32,4	51,1	54,3	90,2	8,8	16,0
<b>Castela-A Mancha</b>	19,4	12,8	41,5	44,2	93,0	5,8	12,3
<b>Cataluña</b>	39,3	34,7	59,4	55,2	90,6	14,1	26,6
<b>C.Valenciana</b>	32,7	27,8	58,2	51,9	90,6	11,6	21,6
<b>Extremadura</b>	26,9	21,7	50,2	45,0	93,6	8,2	14,0
<b>Galicia</b>	38,8	28,3	38,6	47,4	85,7	6,4	14,6
<b>Madrid</b>	34,4	34,2	54,3	54,6	87,2	13,7	23,4
<b>Murcia</b>	33,0	26,1	48,0	51,9	91,9	12,0	18,5
<b>Navarra</b>	57,0	54,6	58,8	54,6	88,8	7,1	17,3
<b>Pais Vasco</b>	56,4	59,4	60,2	58,8	88,1	13,7	25,1
<b>A Rioxá</b>	42,7	43,7	53,8	55,7	88,0	11,0	24,3
<b>Total</b>	35,9	30,4	52,8	52,4	89,2	11,2	20,4

(1) audiencia acumulada diaria  
(2) polo menos unha vez na última semana  
(3) uso nos últimos 30 días  
Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

en Galicia un aumento no grao de penetración dos diarios, descendendo no caso das revistas e suplementos.

Comparado coas outras comunidades, o devandito cadro reflicte que Galicia é a nona comunidade con maior penetración no caso dos suplementos, e a décimo primeira no caso dos diarios. Pola contra, no caso das revistas, Galicia é a comunidade autónoma con menor grado de penetración.

**• Os medios audiovisuais**

En relación ás actividades audiovisuais desenvolvidas en Galicia e España en 2000 e 2001, o **cadro 4.6.13.** amosa o número de espectadores e a recadación nos diferentes centros con actividades culturais. O cadro reflicte que o peso relativo dos espectadores galegos nos centros de música popular e concertos e recitais no total estatal é do 5,4% e 5,5%, respectivamente, sendo do 4% no caso dos cines.

CADRO 4.6.13.

*Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 2000-01*

	Espectadores		Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
(en miles de €)						
Artes escénicas	299.937	350.110	1.356,39	1.461,94	12.605,275	11.648,035
Teatro	284.068	314.101	686,33	1.013,94	10.294,020	9.643,094
Danza	19.513	434,80	290,55	1.488,230	895,302	14.479,3
Género lírico	15.849	16.496	235,25	157,45	823,025	1.109,639
Música clásica	327.043	-	775,87	1.050,60	5.255,563	5.396,040
Música popular	1.445.014	1.232.000	3.270,32	3.364,66	22.420,506	22.704,123
Concertos e recitais	1.410.598	1.209.820	2.968,61	3.330,83	21.863,653	21.894,290
Cine	5.229.613	5.707.297	19.244,06	22.427,24	134.507,168	143.288,558
(en miles de €)						
					121.208,1	122.349,8
					82.849,2	80.450,9
					13.680,1	13.680,1
					28.218,9	28.218,9
					33.988,8	33.988,8
					84.926,1	84.926,1
					69.920,0	79.029,9
					606.890,2	538.155,4

Fonte: Sociedad General de Autores de España

CADRO 4.6.14.

*Actividades das salas de proxección 2000*

	Cines que proxeclaron	Nº de películas exhibidas	Espectadores		
			Total	Películas españolas	Películas estranxeiras
<b>Galicia</b>	161	333	<b>5.280.808</b>	<b>476.991</b>	<b>4.803.817</b>
A Coruña	70	469	2.794.569	268.097	2.526.472
Lugo	24	272	705.880	69.084	636.796
Ourense	16	229	300.961	22.947	278.014
Pontevedra	51	362	1.479.398	116.863	1.362.535
<b>España</b>	<b>6.045</b>	<b>1.718</b>	<b>230.601.476</b>	<b>22.356.288</b>	<b>208.245.188</b>

Fonte: INE

CADRO 4.6.15.

*Gasto medio por espectador 1999-00*

	1999				2000			
	En xeneral	Películas españolas	Películas estranxeiras	Xeral C.A. / total España	En xeneral	Películas españolas	Películas estranxeiras	Xeral C.A. / total España
		(en €)	(%)	(%)		(en €)	(%)	(%)
<b>Andalucía</b>	3,19	3,19	3,19	84,3	3,38	3,34	3,39	85,4
<b>Aragón</b>	3,73	3,70	3,74	98,7	3,89	3,85	3,89	98,2
<b>Asturias</b>	3,77	3,71	3,77	99,7	3,92	3,87	3,93	99,0
<b>Baleares</b>	3,85	3,85	3,85	101,9	4,04	4,01	4,04	102,0
<b>Canarias</b>	3,30	3,23	3,31	87,3	3,39	3,25	3,40	85,6
<b>Cantabria</b>	3,83	3,76	3,84	101,3	3,90	3,83	3,91	98,5
<b>Castela e León</b>	3,52	3,53	3,52	93,2	3,68	3,65	3,68	92,9
<b>Castela-A Mancha</b>	3,43	3,41	3,44	90,8	3,68	3,69	3,68	92,9
<b>Cataluña</b>	4,06	4,10	4,06	107,5	4,28	4,30	4,28	108,1
<b>C.Valenciana</b>	3,65	3,58	3,58	96,5	3,82	3,81	3,82	96,5
<b>Estremadura</b>	3,20	3,14	3,22	84,7	3,33	3,28	3,34	84,1
<b>Galicia</b>	3,45	3,36	3,47	91,3	3,63	3,53	3,64	91,7
A Coruña	3,55	3,47	3,56	94,0	3,69	3,62	3,70	93,2
Lugo	3,24	3,14	3,26	85,7	3,35	3,20	3,36	84,6
Ourense	3,19	3,09	3,22	84,4	3,22	3,20	3,22	81,3
Pontevedra	3,40	3,30	3,42	90,0	3,74	3,57	3,75	94,4
<b>Madrid</b>	4,33	4,38	4,32	114,5	4,48	4,58	4,47	113,1
<b>Murcia</b>	3,24	3,22	3,24	85,7	3,45	3,47	3,45	87,1
<b>Navarra</b>	3,84	3,85	3,83	101,6	4,01	3,99	4,02	101,3
<b>Pais Vasco</b>	3,85	3,83	3,86	101,9	4,10	4,06	4,10	103,5
<b>A Rioxá</b>	3,84	3,82	3,85	101,6	4,03	4,02	4,03	101,8
<b>Ceuta e Melilla</b>	3,01	2,99	3,02	79,7	3,01	3,05	3,01	76,0
<b>Total</b>	<b>3,78</b>	<b>3,82</b>	<b>3,77</b>	<b>100</b>	<b>3,96</b>	<b>4,00</b>	<b>3,96</b>	<b>100</b>

Fonte: INE

Segundo os datos do INE, en 2000 houbo un total de 161 **cines** que proxectaron películas (o 2,7% do total estatal), que exhibiron un total de 333 títulos (o 19,4% do total). O número de espectadores foi de 5.280.808 persoas, das que 476.991 corresponden espectadores de películas españolas e as restantes 4.803.817 persoas a espectadores de películas estranxeiras.

O gasto medio por espectador en Galicia no ano 2000 ascendeu a 3,63 euros. Atendendo á diferenciación entre películas españolas e estranxeiras, o gasto medio nas primeiras ascendeu a 3,53 euros en tanto que no caso

das películas estranxeiras o gasto medio por espectador ascendeu a 3,64 euros.

Se nos fixamos nos índices reflectidos no **cadro 4.6.15.**, pódese apreciar unha medra no gasto medio por espectador en Galicia e en tódalas provincias galegas. No ano 2000 o índice gasto medio por espectador era de 91,7 (España = 100), catro décimas superior á do ano anterior.

Atendendo ó **cadro 4.6.12.**, o grado de penetración deste medio, medido pola porcentaxe de persoas que asistira o cine polo menos unha vez na semana antes da enquisa,



CADRO 4.6.16.

## Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 1999-01

	1999		2000		2001	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
(media de minutos sobre o total da poboación)						
Andalucía	84	233	90	236	87	232
Aragón	90	182	90	197	99	200
Asturias	116	197	121	220	107	204
Baleares	84	203	88	195	81	196
Canarias	99	211	99	190	87	198
Cantabria	93	239	104	238	114	228
Castela e León	104	220	99	216	95	218
Castela - A Mancha	86	269	76	251	86	291
Cataluña	105	232	109	225	104	232
C. Valenciana	108	235	95	232	98	231
Estremadura	88	246	80	239	72	240
Galicia	87	199	73	189	75	183
Madrid	86	221	93	226	99	234
Murcia	114	234	101	225	90	236
Navarra	89	181	96	226	91	215
País Vasco	97	211	102	211	101	225
A Rioxa	78	195	96	196	105	212
Total	95	224	95	222	94	226

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

foi do 6,4% (11,2% no conxunto estatal), tres décimas inferior ó rexistrado no ano 2000. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia tan só supera ó grao de penetración rexistrado na comunidade de Castela A Mancha (5,8%).

En relación á **radio** e a **televisión**, o grao de penetración dos mesmos é de 47,4% e 85,7%, respectivamente, sendo esta porcentaxe lixeiramente inferior á rexistrada no ano anterior. Comparado coas diferentes comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade con menor grao de penetración en ámbolos dous medios audiovisuais.

O consumo medio diario de radio da poboación galega no ano 2001 acada os 75 minutos (73 minutos no ano anterior) fronte ós 94 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, neste ano Galicia se converte na segunda comunidade con menor consumo diario, por diante de Estremadura.

No caso da televisión, o consumo medio diario descendeu ata os 183 minutos (189 minutos no ano precedente) fronte ós 226 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia

ocuparía, ó igual que no ano anterior, o último posto no que a clasificación de consumo medio se refire.

Finalmente hai que facer mención ó uso de **internet** en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación medra no ano 2001 máis de 6 puntos, para acada-lo 14,6%. No conxunto do estado, a porcentaxe de persoas que usou internet nos últimos 30 días previos á enquisa foi do 20,4%, case 8 puntos máis que no ano anterior.

4.

## Participación cívica

A análise da participación cívica está dividida en dous grandes apartados nos que se estuda, dunha banda, a participación social, en base ós datos das fundacións de interese galego e asociacións que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Doutra, analízase a participación electoral nas eleccións ó Parlamento galego no 2001.

O **cadro 4.6.17.** amosa que no ano 2001 hai un total de 22 fundacións de interese galego rexistradas na devandita consellería (esta encárgase de asesorar, informar e tutelar a

**CADRO 4.6.17.**

**Participación social 2001 (1) : Fundacións de interese galego e asociacións (2)**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto Espana	Total Galicia
<b>Fundacións de interese galego</b>	12	1	4	5	-	22
<b>Directorio de asociacións</b>						-
Familia, infancia e menores	155	39	39	94	9	336
Minorías étnicas	20	-	6	7	-	33
Muller	144	104	101	156	3	508
Entidades de Xuventude	267	112	157	182	-	718
Asociacións	172	61	103	132	-	468
Entidades prestadoras de servicios	95	51	54	50	-	250

(1) recolle aquellas que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

(2) a 31 de decembro de 2002

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Directorio de fundacións e asociacións

4.

**CADRO 4.6.18.**

**Participación cívica: eleccións ó Parlamento Galego 2001**

	Estructura electoral				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<b>Poboación de dereito</b>	1.108.002	364.125	344.623	916.176	2.732.926
<b>Censo</b>	1.039.786	345.247	350.594	831.643	2.567.270
Residentes presentes	941.495	312.683	290.863	753.777	2.298.818
Residentes ausentes	98.291	32.564	59.731	77.866	268.452
<b>Concellos</b>	94	67	92	62	315
<b>Seccións</b>	905	325	291	575	2.096
<b>Distritos</b>	205	100	143	177	625
<b>Locais electorais</b>	1.016	481	458	722	2.677
<b>Mesas</b>	1.555	575	580	1.255	3.965
<b>Deputados</b>	24	15	14	22	75
Distribución do escrutinio					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<b>Censo de residentes presentes</b>	941.495	312.683	290.863	753.777	2.298.818
<b>Votantes</b>	568.121	213.941	199.070	475.018	1.476.150
Votos a candidaturas	573.087	209.687	195.409	462.124	1.440.307
Votos en branco	11.241	2.700	2.428	9.386	26.755
Votos nulos	3.793	1.554	1.233	3.508	10.088
<b>Abstencións</b>	353.374	98.742	91.793	278.759	822.668
<b>Participación (%)</b>	62,5	68,4	68,4	63,0	64,2
<b>Censo de residentes ausentes</b>	98.291	32.564	59.731	77.866	268.452
<b>Votantes</b>	25.898	9.109	13.222	20.308	68.537
Votos a candidaturas	25.305	9.006	13.175	20.149	67.635
Votos en branco	111	51	12	58	232
Votos nulos	482	52	35	101	670
<b>Abstencións</b>	72.393	23.455	46.509	57.558	199.915
<b>Participación (%)</b>	26,4	28,0	22,1	26,1	25,5
<b>Censo total</b>	1.039.786	345.247	350.594	831.643	2.567.270
<b>Votantes</b>	614.019	223.050	212.292	495.326	1.544.687
Votos a candidaturas	598.392	218.693	208.584	482.273	1.507.942
Votos en branco	11.352	2.751	2.440	9.444	25.987
Votos nulos	4.275	1.606	1.268	3.609	10.758
<b>Abstencións</b>	425.767	122.197	138.302	336.317	1.022.583
<b>Participación (%)</b>	59,1	64,6	60,6	59,6	60,2

Fonte: IGE, Resultados electorais: Eleccións ó Parlamento de Galicia 2001

aqueelas fundacións que perseguen, entre os seus fins, o apoio á familia, infancia e xuventude e a promoción e formación en materia de emprego), das que 12 están emprazadas na provincia de A Coruña.

No concernente ás asociacións, no ano 2001 hai rexistradas un total de 1.595 asociacións, das que 718 corresponden a entidades de xuventude (468 asociacións e 250 entidades prestadoras de servicios), 508 a asociacións de mulleres, 336 a asociacións de familia, infancia e menores, e 33 asociacións de minorías étnicas.

En relación á participación electoral, o **adro 4.6.18.** reflicte a estructura electoral e a distribución do escrutinio das eleccións ó Parlamento galego no ano 2001. Das 2.567.270 persoas censadas, exerceron o dereito ó voto o 60,2%, sendo esta porcentaxe do 64,2% no caso do censo de residentes presentes, e do 25,5% no caso do censo de residentes ausentes.

Atendendo á distribución provincial, o devandito adro reflicte que Lugo foi a provincia cunha maior participación, cun 64,6%, seguida de Ourense, co 60,6%. No caso do censo de residentes presentes, a participación electoral ascendeu ó 68,4% nas provincias de Lugo e Ourense, mentres que no concernente ó censo de residentes ausentes, a porcentaxe de participación máis elevada corresponde a Lugo, co 28%. ■

4.

